

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

CURSO 2021/2022

CEIP NOSA SEÑORA DAS DORES (FORCAREI)

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## **Índice:**

- 1. Criterios sobre a avaliación.**
- 2. Criterios sobre a cualificación.**
- 3. Criterios promoción do alumnado.**
- 4. Criterios sobre o outorgamento da mención específica**
- 5. Aprobación.**
- 6. Publicidade.**

## CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN. Non se realizou ningunha modificación.

2.- CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN. Non se realizou ningunha modificación.

### 3.- PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

O alumno ou alumna accederá ao ciclo ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación (que será continua e global), o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especial consideración a información e o criterio do profesorado implicado xunto coa do/a titor/a.

A familia deberá estar informada da non promoción do alumnado.

Para determinar o grao de consecución das competencias e o logro dos obxectivos de etapa, tomaranse como referencia as cualificacións das áreas segundo a seguinte táboa:

CIRCUNSTANCIA	ASPECTOS A TER EN CONTA	MEDIDAS A ADOPTAR
1.- Que @ alumn@ acade cualificación positiva en todas as áreas.		PROMOCIÓN
2.- Que @ alumn@ non acade cualificación positiva en todas as áreas pero xa teña repetido unha vez na etapa.	Elaborar un plan específico de reforzo.	PROMOCIÓN OBRIGATORIA
3.- Que o alumno <u>non</u> acade avaliación positiva en todas as áreas.	1. Avaliación negativa en dúas áreas de lingua (galega ,castelá, inglés).	REPETICIÓN OU PROMOCIÓN

<p>Consideración da conveniencia da promoción ou non a partires da análise dos seguintes aspectos:</p>	<p><b>2. Avaliación negativa na área de matemáticas e nunha das áreas de lingua.</b></p> <p><b>3. Avaliación negativa en tres áreas instrumentais: lingua castelá, lingua galega e matemáticas.</b></p> <p><b>4. Avaliación negativa en tres áreas, ou máis (independentemente das que sexan).</b></p> <p>En calquera destes 4 casos, consideramos que para que o alumnado poida promocionar debe acadar avaliación positiva nos estándares mínimos fixados para as áreas citadas.</p> <p>A repetición será unha medida excepcional e tomarase despois de ter esgotadas o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Valorarase:</p> <p>a. O carácter global da avaliación na educación primaria que permite que o profesorado poida adoptar decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas.</p> <p>b. A conveniencia de permanecer no nivel para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente nos primeiros cursos da E. Primaria na adquisición imprescindible para o progreso nos outros niveis.</p> <p>c. As repercusións positivas ou negativas que o cambio de grupo pode ter n@ alumn@ segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade...</p> <p>d. A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.</p> <p>e. A opinión da familia ou titores legais, que serán informadas e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.</p> <p>f. A consulta ao D.O. do centro nos casos que proceda.</p> <p>g. Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.</p> <p><b>Elaborar un plan específico de reforzo</b></p>	<p><b>POR DECISIÓN COLEXIADA</b></p>
--	--	--

#### **4.- CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DA MENCIÓN HONORÍFICA AO FINAL DE PRIMARIA**

O alumnado de 6º de educación primaria poderá obter unha mención honorífica no curso 21/22 se a súa nota media é igual ou superior a 9 puntos.

#### **5.- APROBACIÓN.**

Todas as medidas e criterios anteriormente citados foron acordados na CCP do centro celebrada o martes 15 de marzo de 2022 ás 16:30 horas.

#### **6.- PUBLICIDADE**

Esta modificación curricular publicarase na Web do centro e avisarase ás familias por abalar móvil da súa publicación.